

ACORDO POLO QUE SE ENCARGA Á FUNDACIÓN CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS DE GALICIA, A EXECUCION DE ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DIRIXIDAS AO FOMENTO DE VOCACIÓNS DAS TIC ENTRE XÓVENES MEDIANTE A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE FOMENTO DO TALENTO TECNOLÓXICO APLICADO A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL “TALENTOS INCLUSIVOS”

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións de Galicia (en adiante Fundación CITIC) ven encargándose da xestión técnica, económica e administrativa de programas de xestión baixo encargo da Universidade da Coruña (en adiante, UDC), contando cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e o coñecemento especializado requirido.

SEGUNDO. A Fundación CITIC, dende a súa creación, ven desenvolvendo iniciativas e acumulando experiencia con entidades públicas e privadas, a nivel autonómico, estatal e europeo, tendo a capacidade e os recursos axeitados para impulsar a transferencia de coñecemento da UDC, e apoiar a xestión dos grupos e servizos da UDC.

TERCEIRO. Segundo o artigo sete bis dos Estatutos da Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións de Galicia, establécese que a entidade é medio propio da Universidade da Coruña, considerándose a relación da Fundación CITIC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos de xestión, de conformidade co previsto na Lei de Contratos do sector público (LCSP).

CUARTO. A Fundación CITIC conta cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e un coñecemento especializado requirido para dar resposta ás demandas xeradas pola sociedade e para potenciar as relacións da UDC con empresas e entidades sociais.

QUINTO. A Fundación CITIC é unha entidade recoñecida no ámbito empresarial, dispón dun coñecemento aplicado ben como dos recursos técnicos necesarios para cumprir coa xestión que requiren os servizos da UDC.

SEXTO. Dentro dos fins e finalidades da UDC e do seu Consello Social está o fomento da divulgación científica, a formación en competencias profesionais e a orientación vocacional dos mozos preuniversitarios.


SÉPTIMO. Polo dito anteriormente, a UDC e o seu Consello Social poden encargar á Fundación CITIC a xestión económica de actuacións de visibilidade e proxectos no ámbito do fomento de vocacións tecnolóxicas requiríndose o establecemento dun axeitado marco da actuación conforme ao seguinte,

ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRO. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo, polo tanto, un carácter obrigatorio para a Fundación CITIC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións técnicas e académicas dadas pola UDC, para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento deste

SEGUNDO. O obxecto do encargo é a xestión económica-administrativa da seguinte actuación:

Participación e fortalecemento das actuacións do proxecto de Talentos Inclusivos no que se traballa con grupos cooperativos de mozos de educación secundaria, bacharelato e formación profesional, profesores da UDC, e persoas con discapacidade para a creación de solucións tecnolóxicas que faciliten as actividades da vida cotiá de persoas con discapacidade. Entre as actuacións están:

Código Seguro De Verificación	XgPzRtY+y18BFur2ft7VFg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Abril Abadín	Asinado	29/04/2024 22:55:44	
Observacións	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	29/04/2024 09:23:38	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/XgPzRtY+y18BFur2ft7VFg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

- soporte ao traballo de proxectos tecnolóxicos
- visibilidade das actuacións con eventos de cara a cidadanía e no ámbito científico
- facilitar a mobilidade dos participantes para mellorar a realidade das persoas con discapacidade
- fomentar unha sociedade máis inclusiva.

TERCEIRO. Para o financiamento das tarefas indicadas no punto SEGUNDO, o Consello Social da UDC transferirá un importe de 8.700€ a favor da Fundación CITIC. A Fundación CITIC poderá repercutir contra o orzamento as tarifas polo servizo de xestión económico-administrativa (5%) e en concepto de secretaría técnica (2,5%).

Conforme a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre o valor engadido (IVE), a contía derivada das encomendas realizadas de conformidade co disposto na LCSP non están suxeitas ao IVE.

CUARTO. Para a xustificación dos servizos encomendados, a Fundación CITIC entregará á UDC e ao seu Consello Social o informe de resultados da actuación definida no punto SEGUNDO.

En todos os documentos que se xeren e nos actos públicos que se celebren farase constar explicitamente a condición do Consello Social como entidade financiadora.

No suposto de non se xustificar o importe total adiantado pola Consello Social, a Fundación CITIC, reintegrará ao Consello Social o saldo pendente de xustificar.

QUINTO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio que permitan o desenvolvemento do presente encargo, a Fundación CITIC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

SEXTO. En ningún caso a realización do encargo suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da Fundación CITIC coa UDC.

SÉPTIMO. É responsabilidade da Fundación CITIC fornecer cantos medios humanos e materiais fosen precisos para a realización dos traballos, incluída a infraestrutura asignada pola UDC á Fundación CITIC.

OITAVO. A UDC e os seu Consello Social poderán realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerase oportuno sobre a realización dos traballos do encargo.

NOVENO. O presente encargo de xestión ten vixencia dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

DÉCIMO. Corresponde á UDC a través da Secretaría Xeral a interpretación do presente encargo así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado,

ACÓRDASE

PRIMEIRO. Encargar á Fundación CITIC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO nas condicións que se indican neste encargo de xestión.

SEGUNDO. O orzamento para ditas actuacións ascende a cantidade de OITO MIL SETECENTOS EUROS (8.700 EUROS). Este importe non está suxeito a IVE e financiarase con cargo á partida orzamentario do Consello Social que se detalla a continuación: 110A 111A 44200.

O Reitor da Universidade da Coruña

O Presidente do Consello do Consello Social

D. Ricardo Cao Abad

D. Antonio Abril Abadín

Página 2 de 2

Código Seguro De Verificación	XgPzRtY+y18BFur2ft7VFg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Abril Abadín	Asinado	29/04/2024 22:55:44
	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	29/04/2024 09:23:38
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/XgPzRtY+y18BFur2ft7VFg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

